2023-2024

# PROGRAMACIÓN ESA

## ÁMBITO COMUNICACIÓN

IES POETA AÑÓN
OUTES - A CORUÑA

# ÍNDICE

1. Introdución e contextualización ........................................................................................................................Páx.3
2. Contribución ao desenvolvemento das CC, concreción que recolla os estándares de aprendizaxe avaliables .................. Páx.4
3. Concreción de obxectivos por módulos ............................................................................................................ Páx.19
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable........................................................................................Páx.26
Temporalización.
Grao mínimo de consecución para superar a materia
Procedementos e instrumentos de avaliación
5. Concrecións metodolóxicas da materia ............................................................................................................ Páx.43
6.Materiais e recursos didácticos........... ..............................................................................................................Páx.44
7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.......................................................................... Páx.44
8.Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente..................................................................... Páx.45
9.Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes.........................................................................................................................................................Páx.48
10.Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.......................................................................................................................................................Páx.49
11.Medidas de atención á diversidade ................................................................................................................ Páx.49
12. Concreción dos elementos transversais en cada módulo.......................................................................................... Páx.50
13. Actividades complementarias e extraescolares ................................................................................................. .Páx.52
14.Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora ............................................................................................................................ Páx.52
15. Contribución ao Plan Lector.............................................................................................................................. Páx.52
16.Integración das TIC........................................................................................................................................... Páx.53
17.Currículo Integrado de Linguas. Proxecto Socio-lingüístico........................................................................................Páx.54
21.Constancia de información ao alumnado..............................................................................................................Páx.60

**INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

O IES Poeta Añón, un centro de nova creación inaugurado no curso 99-00, ofrece estudos de Ensino Secundario Obrigatorio e Educación para Adultos (nivel III, módulos III e IV).
O centro pertence ao concello de Outes e está situado na capital municipal, A Serra de Outes. Este municipio atópase no suroeste da provincia de A Coruña, ocupando máis da metade da parte setentrional da ría que forma o río Tambre. Limita cos municipios de Noia, Mazaricos, Muros e Negreira. A capital municipal está na Serra, que dista 7 km. de Noia, 15 de A Picota (Mazaricos), 25 de Muros, 40 de Santiago e 105 da capital provincial.

O total de habitantes do concello é de 6804 persoas, segundo o censo realizado en 2014, o cal supón unha densidade de 68.17 habitantes por km$^2$, se ben a poboación tende a concentrarse no litoral, de xeito que a maioría vive nuns cantos núcleos próximos á costa: A Serra (cuns 2.400 h.), O Freixo (arredor de 1.500 h.), Serantes- Vara, Cruceiro de Roo e A Pontenafonso que suman en total máis da metade da poboación.

Trátase dun concello agrícola-gandeiro e marisqueiro, aínda que tamén hai unha poboación dedicada á industria, na que hai que destacar serradoiros, estaleiros e construción. Ten importancia o sector servizos, sobre todo a hostalería coa existencia de diversas casas de turismo rural.

Na actualidade conta con 127 alumnos matriculados en ESO (9 unidades), e 11 en ESA Módulo III; o claustro está constituído por 25 profesores, impartindo docencia en Educación de Adultos 4 deles.

**Profesorado do Ámbito de Comunicación**
- María Pereira Uzal, en substitución de Manuela Campos Agrafojo, Profesora de Ensino Secundario pertencente ó Departamento de Lingua e Literatura Galega. Responsable do Ámbito Comunicación ( áreas de Lingua Galega e Lingua Castelá) nos módulos III e IV.
- Dolores Martinez Martinez. Profesora de Ensino Secundario do Departamento de Inglés con destino definitivo no centro. Responsable do Ámbito Comunicación (área Lingua Inglesa) nos módulos III e IV

**CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE, CONCRECIÓN QUE RECOLLA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES**

As linguas son instrumentos de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. Asemade, achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais, favorecendo a competencia plurilingüe e intercultural.
A aprendizaxe lingüística non pode ser un fin en si mesma; unha lingua non se aprende para falar, ler ou escribir sobre ela, senón para falar, ler e escribir sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento do outro, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Deste xeito, a lingua é non só unha parte importante da cultura senón tamén o medio de acceso ás manifestacións culturais e o instrumento co que a cultura se crea, se interpreta e se transmite.
O ámbito da comunicación, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Lingua Estranxeira, presenta unha proposta integrada co obxecto de favorecer un tratamento metodolóxico conxunto de orientación comunicativa entre as diversas linguas. O obxectivo fundamental é desenvolver as competencias comunicativas das persoas adultas coa finalidade de posibilitarlles unha inserción activa e responsable na sociedade e, asemade, contribuír ao seu desenvolvemento persoal. Neste ámbito preséntase un estudo coordinado das dúas linguas oficiais para alcanzar unha competencia plena en ambas as dúas, favorecer unha actitude positiva cara a elas, tendo en conta a situación social de minorización social da lingua propia, e economizar esforzos no proceso de ensino- aprendizaxe.

Existe unha serie de contidos que son transferibles entre as materias que integran o ámbito, como son os aspectos relacionados coa competencia pragmática, a competencia textual, a construción de conceptos sobre o funcionamento das linguas ou o desenvolvemento de actitudes positivas. Cómpre non esquecer, porén, a existencia de aspectos específicos de cada unha delas, dado que o obxectivo final é acadar a competencia lingüística do alumnado en ambas as dúas.
Os contidos do ámbito da comunicación fan referencia á comprensión, interpretación e expresión da linguaxe verbal; os recursos e as características da comunicación oral e escrita en diferentes situacións, con interlocutores e fins diversos; o coñecemento da lingua: as normas ortográficas, as clases de palabras, relacións sintácticas e semánticas, as variedades lingüísticas, os usos discursivos da linguaxe e a tipoloxía textual; os conceptos básicos da sociolingüística e o coñecemento da situación

sociolingüística de Galicia; as etapas, os autores, as obras e os xéneros máis representativos das literaturas en lingua galega e en lingua castelá.

O ámbito da comunicación preséntase, en cada módulo, dividido en cinco bloques:

O bloque 1 «Comunicación oral: escoitar e falar» atende o uso oral das linguas galega e castelá. Nel procúrase que o alumnado adquira as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente, interpretando de xeito correcto as ideas dos demais.

O bloque 2 «Comunicación escrita: ler e escribir» persegue que o alumnado sexa quen de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos, en lingua galega e en lingua castelá.

O bloque 3 «Funcionamento da lingua» responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación e arrédase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua.

O bloque 4 «Lingua e sociedade» céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüísmo como unha situación habitual e enriquecedora de todos os individuos. Asemade, incide na identificación e superación de prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos e os aplique á situación das linguas en Galicia.

O bloque 5 «Educación literaria» asume o obxectivo de facer do alumnado lectores/as cultos/as e competentes, implicados/as nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. É un marco conceptual que alterna a lectura, a comprensión e a interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madureza cognitiva, coa de textos literarios e obras completas representativas da literatura en lingua galega e en lingua castelá.

A organización e secuenciación dos contidos nos catro módulos realizouse tendo e conta que o currículo vai dirixido a persoas adultas de características diversas. Tivéronse en conta tres principios:

O seu nivel de dificultade, comezando coa tipoloxía textual que presenta un menor nivel de dificultade ou coa que o alumnado adulto está máis familiarizado.

A integración de contidos relativos aos cinco bloques temáticos. Canto á educación literaria, a introdución de contidos de historia literaria comeza nos módulos tres e catro. Destínase o módulo tres á historia das literaturas en lingua galega e en lingua castelá ata o século XX e o módulo catro á literatura dos séculos XX e XXI, por ser a máis próxima aos gustos do alumnado e a que mellor pode propiciar o desenvolvemento do aprecio pola lectura como fonte de coñecemento e pracer.

Reiteración en todos os módulos dos contidos que inciden na capacidade de lectura comprensiva e expresión oral e escrita do alumnado.

O ámbito da comunicación participa, como non podía ser doutro xeito, no desenvolvemento das competencias clave de educación secundaria.

**Comunicación lingüística (CCL).**

A aprendizaxe das habilidades lingüísticas e comunicativas garanten o manexo efectivo da comunicación no plano persoal, académico, social e profesional. O obxectivo último é a comprensión e expresión oral e escrita de diferentes tipos de textos de acordo coa intención e co contexto comunicativos.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**

A linguaxe é, así mesmo, a base para a comprensión de termos e conceptos técnicos e o instrumento para desenvolver o razoamento lóxico matemático e o pensamento científico.

**Competencia dixital (CD)**

A formación neste ámbito proporciona coñecementos sobre a linguaxe dixital básica e permite desenvolver as destrezas necesarias para o acceso e tratamento da información dixital e o manexo de aplicacións e outros recursos informáticos.

**Aprender a aprender (CAA).**

O ámbito da comunicación capacita para realizar un proceso reflexivo de aprendizaxe por ser a linguaxe un instrumento necesario para pensar, planificar, analizar e reaxustar o proceso e avaliar o resultado. Amais, potencia a adquisición de técnicas de estudo básicas e de estratexias para unha aprendizaxe autónoma, eficaz e permanente ao longo da vida: uso de dicionarios, elaboración de esquemas e mapas conceptuais e as habilidades de síntese e resumo de todo tipo de textos.

**Competencias sociais e cívicas (CSC).**

Os contidos deste ámbito contribúen a desenvolver as destrezas lingüísticas e comunicativas necesarias para interpretar fenómenos e problemas sociais, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como a capacidade de relacionarse de maneira construtiva en diferentes contornos sociais e culturais, aplicando as normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo, inspirando confianza e amosando unha actitude respectuosa conforme a principios democráticos.

O ensino das linguas dentro deste ámbito debe contribuír á utilización e mellora de prácticas igualitarias no uso da linguaxe e á ampliación do repertorio lingüístico do alumnado, de maneira que poida desenvolverse con éxito en distintos contornos sociais.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**

Este ámbito permite adquirir as competencias lingüísticas e comunicativas indispensables para xestionar os propios coñecementos, habilidades e actitudes de forma creativa e innovadora e con criterio propio.
Aprender a usar as linguas é aprender a utilizar estratexias adecuadas a cada situación comunicativa de maneira autónoma. Deste xeito, o desenvolvemento de habilidades lingüísticas contribúe ao fomento da autonomía e iniciativa persoal.
**Conciencia e expresións culturais (CCEC).**
O ámbito da comunicación proporciona ao alumnado estratexias para coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e cunha actitude aberta e respectuosa as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

MÓDULO III

| *Estándares de aprendizaxe* | *CC* |
|---|---|
| Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. | CCL |
| Recoñece a intención comunicativa dos textos | CCL |
| Diferencia as explicacións dos argumentos. | CCL, CAA |
| Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicaciónoral. | CCL, CAA, CSC |
| Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral e propón solucións para melloralas. | CCL, CAA |
| Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar coa pronuncia da lingua galega. | CCL |

| | |
|---|---|
| Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. | CCL, CCEC |
| Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. | CCL, CAA |
| Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais utilizando unha linguaxe correcta e rica. | CCL |
| Recoñece e avalía erros nos discursos orais propios e alleos e trata de evitalos. | CCL, CAA |
| Participa en conversas informais nas cales intercambia información eexpresa a súa opinión. | CCL, CSC, CSIEE CCEC |
| Utiliza o rexistro lingüístico axeitado a cada situación comunicativa. | CCL, CSC |
| Realiza exposicións educativas sinxelas | CCL |
| Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidosrelevantes e incorporalos ás súas producións. | CD, CAA, CSIEE |
| Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación para facerde maneira visual as súas presentacións máis claras e atractivas. | CD, CCL, CSC |
| Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente ecomenta as contribucións das persoas interlocutoras. | CCL, CAA |
| Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. | CCL, CSC |

| | |
|---|---|
| Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | CCL,CSC, CSIEE |
| Comprende textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes. | CCL |
| Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais. | CCL |
| Analiza textos literarios, identifica os trazos, subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos | CCL |
| Identifica as ideas principais e secundarias dun texto expositivo ou argumentativo | CCL |
| Diferencia as explicacións dos argumentos. | CCL, CAA |
| Produce textos expositivos e argumentativos elaborados a partir deinformación obtida en bibliotecas e outras fontes de información. | CCLCD |
| Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxecinematográfica. | CCL CCEC |
| Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadoresda internet para obter, organizar e seleccionar información. | CCL, CAA, CD |
| Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectosparciais ou globais dun texto. | CCL |
| Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos oumensaxes discriminatorias. | CCL, CSC |

| | |
|---|---|
| Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados. | CCL, CAA |
| Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas  conceptuais para planificar e organizar os seus escritos. | CCL, CAA |
| Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situacióncomunicativa e do ámbito de uso. | CCL, CSC |
| Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia ecohesión internas do texto. | CCL |
| Revisa os textos para resolver dificultades de contido e de forma. | CCL, CAA |
| Usa as tecnoloxías da información e da comunicación (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos. | CCL, CD |
| Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas daslinguas galega e castelá. | CCL |
| Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual e sintáctica | CCL |
| Revisa os textos para puntuar correctamente | CCL |
| Analiza e usa correctamente as normas de acentuación | CCL |
| Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto usodas distintas categorías gramaticais. | CCL, CAA |

| | |
|---|---|
| Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoos coa intención comunicativa e a tipoloxía textual | CCL, CAA |
| Coñece e utiliza adecuadamente substantivos, adxectivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos | CCL, CAA |
| Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así comooutros compoñentes | CCL,CAA |
| Identifica e explica os usos e valores dos pronomes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así comooutros compoñentes | CCL, CAA |
| Identifica e explica os usos e valores dos adverbios, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así comooutros compoñentes | CCL,CAA |
| Identifica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto | CCL, CAA |
| Identifica e explica as relacións semánticas: sinonimia e antonimia | CCL, CAA |
| Emprega un vocabulario amplo e preciso utilizando os  recursos proporcionados pola sinonimia. | CCL |
| Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega. | CCL |
| Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | CCL, CSC |
| Identifica as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | CCL, CSC |

| | |
|---|---|
| Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das tecnoloxías da información e da comunicación, relacionados coa historiasocial da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | CCL, CSC, CD |
| Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais ecolectivos. | CCL, CSC |
| Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción nos diferentes ámbitos. | CCL, CSC |
| Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos cara á lingua galega na súa práctica lingüística e na do seu contorno | CCL, CSC |
| Identifica as distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX. | CCL |
| Sinala os principais trazos característicos dos distintos períodos das literaturas galega e castelá desde a Idade Media ata o século XX. | CCL |
| Selecciona, segundo criterios razoados, textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XXpara a súa lectura. | CCL |
| Le e comenta de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período correspondente. | CCL |
| Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos definitorios e ponos en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s). | CCL |
| Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX. | CCL |

| | |
|---|---|
| Elabora traballos individuais e/ou colectivos, nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en castelándesde a Idade Media ata o século XX | CCL |
| Consulta fontes de información para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas. | CCL |
| Emprego de diferentes recursos básicos das tecnoloxías da informacióne da comunicación para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes. | CCL, CD |
| Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo dascaracterísticas dos textos traballados na aula. | CCL CCEC |
| Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os propios sentimentos. | CCL<br>CCEC |

Módulo IV

| *Estándares de aprendizaxe* | *CC* |
|---|---|
| Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias, debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do falante. | CCL |
| Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias e debates procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos. | CCL<br>CAA |
| Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo | CCL<br>CAA |
| Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a prol ou encontra dunha opinión ou posición. | CCLCSC |
| Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia ecohesión ao discurso. | CCL |
| Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral erespecta as opinións alleas. | CCLCSC |
| Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton,timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. | CCL CSC<br>CSIEE |
| Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas ásituación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesióne corrección. | CCLCSC |
| Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros de fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios ealleos para evitalos nas súas producións. | CCLCCA |
| Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | CSC<br>CCA<br>CSIEE |
| Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais) | CCL<br>CCA |
| Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) erecursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión. | CCL |
| Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto | CCL |

| | |
|---|---|
| Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos | CCL |
| Entende o significado de palabras propias do rexistro culto eincorpóraas ao seu discurso. | CCLCAA |
| Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial. | CCL |
| Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentesa distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación. | CCLCSC |
| Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de textoe recursos de temas especializados en internet. | CCLCD |
| Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas. | CCL |
| Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión:carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. | CCLCSC |
| Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión. | CCL<br>CSC |
| Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios). | CCLCSC |
| Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación. | CCL<br>CSC |
| Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias. | CCL<br>CSC |
| Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade. | CCL<br>CSC |
| Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso<br>(diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais). | CCL |
| Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo. | CCL |
| Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos decohesión. | CCL |
| Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese dasferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente. | CCLCD |

| | |
|---|---|
| Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, deformato ou de presentación. | CCL |
| Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación. | CCLCD CSC |
| Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas deopinión | CD CSC |
| Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | CCL CSC CCEC |
| Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentescategorías gramaticais. | CCLCAA |
| Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas. | CCL CAA |
| Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras | CCL |
| Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica. | CCL CAA |
| Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidadescombinatorias para crear novas palabras. | CCL |
| Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega. | CCL |
| Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especialatención á entoación, ás vogais de grao medio e ao fonema /n/ velar. | CCLCAA |
| Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá nos discursos orais e escritos. | CCL |
| Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá. | CCL |
| Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión sintáctica. | CCL |
| Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente. | CCL CAA |
| Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. | CCL |
| Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica. | CCL |
| Clasifica oracións segundo a natureza do predicado | CCL |
| Usa a terminoloxía sintáctica correcta | CCL |

| | |
|---|---|
| Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e conclusión, así como os mecanismos gramaticaise léxicos de cohesión interna. | CCLCAA |
| Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas. | CCL |
| Xustifica con argumentos a división en parágrafos de textos propios ealleos. | CCLCAA |
| Identifica a progresión temática en textos propios e alleos. | CCL |
| Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática. | CCL |
| Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do temae do xénero textual. | CCLCAA |
| Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada aocontexto, ao tema e ao xénero textual. | CCL |
| Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúecomo persoa plurilingüe. | CCLCAA |
| Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | CCLCAA |
| Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal deidentidade dun pobo, e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura. | CCL CCEC |
| Valora o plurilingüísmo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura. | CCL |
| Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabedescribir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI. | CCLCSC |
| Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística. | CCL CSC |
| Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual | CCL CSC |
| Identifica os procedementos de normalización | CCL |
| Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súaimportancia. | CCLCSC |
| Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde1916 ata a actualidade. | CCL |
| Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da linguagalega desde 1916. | CCL CCEC |

| | |
|---|---|
| Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada. | CCL CSC |
| Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos con argumentos. | CCL CSC |
| Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega | CCL CSC |
| Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega. | CCL |
| Valora a lingua estándar como variedade unificadora. Recoñece interferencias habituais entre as dúas linguas oficiais. | CCL |
| Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calqueraprexuízo sobre a variación diatópica. | CCL CSC |
| Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas. | CCL CSC |
| Identifica os distintos períodos e xeracións das literaturas en galego een español dos séculos XX e XXI. | CCL |
| Comprende e explica razoadamente os distintos períodos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | CCL |
| Le de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente | CCL |
| Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. | CCL |
| Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego een español dos séculos XX e XXI. | CCL |
| Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos,teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español do século XX e XXI. | CCL |
| Elabora traballos individuais e/ou colectivos nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | CCL |
| Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. | CCL |
| Emprego de diferentes recursos das tecnoloxías da información e dacomunicación para a realización de traballos e cita axeitada destes. | CCLCD |

| | |
|---|---|
| Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das característicasdos textos traballados na aula. | CCL CCEC |
| Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicacióncapaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | CCL CCEC |

**CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR MÓDULOS**

MÓDULO III

Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativo.

Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.

Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais. Producir textos expositivos e argumentativos en diferentes rexistros

Coñecer e aplicar, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.

Participar activa e con argumentos en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.

Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.

Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.

Analizar textos literarios, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.

Comprender, interpretar e valorar textos expositivos e argumentativos Producir textos expositivos e argumentativos
Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, organizar e seleccionar información.

Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto para detectar prexuízos e discriminacións.

Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas.

Aplicar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica e textual.

Analizar e usar correctamente as normas de acentuación.

Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais.

Recoñecer a estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.

Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos.

Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos

Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do adverbio e explicar os seus usos e valores nos textos.

Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os diferentes conectadores textuais.

Reflexionar e explicar as relacións semánticas: sinonimia e antonimia. Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega.
Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.

Coñecer e describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

Identificar e comprender as distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX.

Seleccionar, ler e comentar de xeito autónomo textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.

Ler expresiva e comprensivamente, realizar audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.

Elaborar traballos individuais e/ ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.

Consultar fontes de información e familiarizarse cos recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destas.

Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula.

MODULO IV

Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación.

Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).

Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía nas intervencións orais propias da

actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.

Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.

Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.

Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.

Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial.

| 2 sesións | B4.7. Prexuízos lingüísticos. | Expresión oral<br>Actitude Traballo persoal<br>Traballo en equipo<br>Rúbricas | B4.7.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada. | |
| | | | B4.7.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos con argumentos. | |
| 3 sesións | B4.8. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e | Expresión oral<br>Expresión escrita<br>Lectura<br>Probas<br>Actitude<br>Traballo persoal | B4.8.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega. | |
| | | | B4.8.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega. | |
| | | | B4.8.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora. Recoñece interferencias habituais entre as dúas linguas oficiais. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. Recoñecemento das interferencias máis habituais. | Traballo en equipo<br>Rúbricas | B4.8.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica. | |
| | | | B4.8.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas. | |
| Bloque 5: Educación literaria | | | | |
| Temporalización | Contidos | Procedementos e instrumentos | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo consecución |
| 2 sesións | B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | Lectura con entoación<br>Expresión escrita Probas escritas Expresión oral | B5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | |
| | | | B5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | |
| 3 sesións | B5.2. Lectura autónoma e comentario pautado de obras representativas das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | Lectura Actitude<br>Traballo persoal<br>Rúbricas | B5.2.1. Le de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. | |
| | | | B5.2.2. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. | |
| 2 sesións | B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | Lectura Actitude<br>Traballo persoal<br>Rúbricas | B5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | |
| | | | B5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español do século XX e XXI. | |
| 2 sesións | B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos cales se describan e analicen textos literarios representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | Expresión escrita<br>ctitude<br>Traballo persoal<br>Traballo en equipo<br>Rúbricas | B5.4.1. Elabora traballos individuais e/ou colectivos nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI. | |

A avaliación  dos estándares informará do grao de consecución do logro, para o que empregaremos catro niveis como indicadores de logro:
Nivel 1: Logro insuficiente
Nivel 2: Logro suficiente
Nivel 3: Logro bo
Nivel 4: Logro excelente
No caso de que o alumno ou alumna non traballe un estándar ou non amose ningún logro nel, non se puntuará nas cualificacións de probas escritas ou rúbricas.

**CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA**

O ámbito de Comunicación utilizará unha metodoloxía centrada na persoa, que respectará os seguintes principios:
Recoñecemento do rol do docente. O docente é peza clave na elaboración da planificación, a elaboración e implementación de actividades de aula axustadas ao grupo concreto que está ensinando, así como á avaliación do proceso. A súa formación e a súa responsabilidade no acompañamento do proceso de crecemento do estudante resulta, polo tanto, fundamental á hora de garantir o éxito do proceso de aprendizaxe.
Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidad e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental.
Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes están ao servizo da formación humana. A materia de Comunicación, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes, instrumentales, cognitivos, actitudinais, socio- afectivos non sexan considerados fin en si mesmo senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano.
Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes así como dos coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa.

Seguimiento dos criterios de avaliación educativa. Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do

proceso de ensino e aprendizaxe; e sumativa ao final do proceso, de maneira que se evalúe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garante unha valoración adecuada da dedicación, esforzo e rendemento de todos os estudantes.
Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativo. O estudo e reflexión da Comunicación, pola súa intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa.
Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. O ensino da Comunicación promove a utilización da tecnoloxía da información e a comunicación non só dun xeito instrumental, que resulte útil ao estudante na procura de información ou na resolución de problemas suscitados na clase, senón procurando a súa integración na vida do alumnado e o seu uso ético.

**MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Utilizarase o material didáctico específico autorizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a modalidade a distancia, coas modificacións que en cada caso considere oportuno a profesora. Este material será reforzado con fotocopias de elaboración propia; revistas e prensa diaria; lecturas de libros proporcionados na aula; audicións musicais; visionado de vídeos; diferentes blogs e páxinas web.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

A avaliación das aprendizaxes do alumnado adulto será continua e integradora. Esta avaliación será preferentemente a través da observación continuada da evolución do proceso de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e da súa madureza persoal.

A avaliación da materia realizarase ao remate de cada módulo téndose en conta os seguintes aspectos:
A cualificación das probas de carácter escrito.
O traballo que diariamente o alumno realiza individual e colectivamente na aula. O traballo que o alumno realiza individual ou colectivamente fóra da aula.

O comportamento en clase, a puntualidade e asistencia e a actitude ante a materia.

O 10% de faltas sen xustificar no ámbito dará lugar á perda do dereito de avaliación continua. O número máximo de faltas xustificadas no ámbito de Comunicación (de 7 sesións semanais) será de 16. No caso de acumular máis dun 30% de faltas inxustificadas no total dos ámbitos (é dicir 46 faltas) perderase igualmente o dereito á avaliación continua.

Igualmente unha actitude reiteradamente inadecuada e sen intención de cambio poderá dar lugar á perdida do dereito de avaliación continua, téndose que presentar o alumno a unha única proba final escrita ó rematar o módulo.

Para a cualificación final do ámbito farase unha media ponderada das cualificacións parciais e das tres linguas integradas no ámbito, castelán, galego e inglés. A porcentaxe da nota correspondente a cada unha delas será de 35%, 35% e 30% respectivamente

A cualificación correspondente á parte de Lingua Galega e Lingua Castelá virá determinada polos seguintes aspectos:
Probas escritas.......................................... 40%
Traballos na clase...................................... 20%
Traballos fóra da clase................................ 20%
Actitude..................................................... 10%
Asistencia.................................................. 10%
Deberá ademais ter en conta a evolución do alumno/a ao longo do curso, a súa madureza académica e as súas posibilidades de recuperación e de progreso nos módulos posteriores, de ser o caso.

**INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROECESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

| Indicadores de logro do proceso de ensino | Si | Non | Ás veces |
|---|---|---|---|
| O nivel de dificultade foi o adecuado ás características do alumnado | | | |
| Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe | | | |
| Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física doalumnado | | | |
| Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado | | | |
| Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender aoalumnado con NEAE | | | |
| Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender aoalumnado con NEAE. | | | |
| Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado | | | |
| Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | |

| Indicadores de logro da práctica docente | Si | Non | Ás veces |
|---|---|---|---|
| Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado | | | |
| Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa | | | |
| Elabóranse actividades atendendo á diversidade | | | |
| Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades doalumnado con NEAE | | | |
| Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas atratar | | | |
| Combínase o traballo individual e en equipo | | | |
| Poténcianse estratexias de animación á lectura | | | |
| Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión orale escrita | | | |
| Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe | | | |
| Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cadaestándar | | | |
| Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas /traballos, etc | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativosderivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | |
| Implícase o profesorado nas funcións de titoría e orientación | | | |
| As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aosestándares | | | |
| Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación,ampliación… | | | |
| Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seusacertos e erros | | | |

**ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

O alumnado que non superase a avaliación final do módulo do ámbito cursados no primeiro cuadrimestre poderá realizar no mes de maio unha avaliación extraordinaria dese módulo, consistente nunha proba escrita.
Igualmente, o alumnado que non superase a avaliación final ordinaria do módulo cursado no segundo cuadrimestre poderá realizar no mes de setembro, nas datas que cada ano se determine, unha avaliación extraordinaria.
En calquera dos casos, independentemente de que se lles facilite material e apoio para preparar a recuperación do ámbito, a superación do mesmo será en función desta proba escrita.

**DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS**

O alumnado de ESA é moi diverso en canto a idade e estudos realizados, polo que é moi necesario que a comezos de setembro e de xaneiro se efectúe un proceso de avaliación inicial, que terá en conta a madureza, as aprendizaxes adquiridas, os coñecementos previos e os intereses e necesidades do alumnado. Esta avaliación informará ao profesorado do nivel e das dificultades deste alumnado, de xeito que poida tomar as medidas necesarias para unha aprendizaxe máis axeitada.

Ao inicio do curso, o profesorado responsable realizará a todo o alumnado unha avaliación inicial para:

Coñecer a situación inicial na que se atopa o alumnado

Detectar, se fora o caso, calquera dificultade que poida presentar o alumnado.

Analizar a evolución educativa e académica do alumnado

Adaptar obxectivos, contidos, metodoloxías e actividades, así como criterios de avaliación en función das características do alumnado

Determinar a adecuación do currículo ás características e aos coñecementos do alumnado, así como o nivel de partida da clase.

Esta avaliación inicial farase a comezos de curso, para coñecer ao alumnado co que se vai traballar; para iso as ferramentas das que se vai botar man so:

Probas iniciais. Observación na aula Expediente académico Información doutro profesorado

En función destes resultados, plantexarase a necesidade de reaxustar a programación a nivel de grupo ou tomar outras medidas académicas a nivel individual, como reforzos educativos.

**MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

En calquera clase é ben sabido que resulta imposible contar cun grupo tal que todos aprendan da mesma maneira e á mesma velocidade.

Sendo conscientes desta diversidade, en ocasións extrema, un dos puntos necesarios é a atención á diversidade.

En caso de detectar alumnado con serias dificultades de comprensión ou expresión, remitirase ao Departamento de Orientación para que este realice as probas oportunas e o conseguinte diagnóstico. Se as dificultades detectadas non impiden o desenvolvemento normal da clase por parte do alumnado, será o propio profesor quen determine as medidas de reforzo a aplicar.

Definiranse estratexias que faciliten a consecucións duns obxectivos mínimos: seleccionaranse e organizaranse os contidos en función das súas posibilidades, intereses e necesidades; reducirase a dificultade dalgunhas das actividades, proporcionando máis recursos didácticos e incrementando a comunicación.

**CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA MÓDULO**

Segundo o estabelecido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño polo que se regula o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia os elementos transversais que deben traballarse son os seguintes:

Comprensión lectora. Expresión oral e escrita. Comunicación audiovisual. Tecnoloxías da información e da comunicación. Emprendemento. Educación cívica e constitucional.

Estes elementos transversais serán traballados nos dous módulos que conforman o curso escolar. Tamén son considerados elementos transversais a ter en conta os seguintes valores e conceptos

Todos estes aspectos aparecen representados tanto nos contidos como nos textos, nos exemplos e nas actividades do proxecto didáctico. Non obstante, tamén consideramos esenciais para o desenvolvemento do alumnado como cidadáns e cidadás plenamente conscientes dos seus dereitos e dos seus deberes e como individuos inseridos na nosa sociedade a presenza doutros elementos transversais; así, tamén incluímos materiais que abordan o tratamento da ecoloxía e o respecto polo medio, a educación dos/das consumidores/as, a educación para a saúde e a educación para o lecer.

| | |
|---|---|
| Igualdade erespecto | Igualdade efectiva entre homes e mulleresPrevención da violencia de xénero<br>Prevención da violencia contra persoas con discapacidadeIgualdade de trato e non discriminación<br>Prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia<br><br>Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos nosámbitos persoal, familiar e social<br>Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, o respecto ás persoas con discapacidade, o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención doterrorismoe de calquera tipo de violencia<br>Evitación de comportamentos e de contidos sexistas<br>Evitación dos estereotipos que supoñan discriminación por razón deorientación sexual ou de identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual |
| Emprendemento | Fomento das participación do alumnado en actividades que lle permitanafianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir deaptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa e o traballoen equipo, a confianza en si mesmo e o sentido crítico |
| Educación viaria | Promoción de accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico con fin de divulgar entre o alumnado dos seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías como peóns, viaxeiros/as e condutores/as, o respecto polas normas e os sinais paraasí favorecer a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía de modo que se tenda á evitación dos accidentes de tráfico edas súas secuelas |

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO

Dadas as características do alumnado (normalmente trátase de xente cun horario laboral que impide actividades ao longo do día) e o horario nocturno destas ensinanzas, as actividades complementarias e extraescolares están practicamente limitadas a aquelas que se realizan na Casa de Cultura do concello e que coinciden con horas de clase. Isto non significa que, dada a ocasión, non se leve a cabo calquera outra actividade que se considere adecuada e para a que o alumnado teña dispoñibilidade.

## MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

O Profesorado do Ámbito de Comunicación abrangue os departamentos de Lingua Galega e Literatura e Lingua Inglesa, polo que serán necesarias tanto reunións dos membros do departamentos en conxunto como do profesorado dos dous departamentos implicados neste ámbito para ir analizando o desenvolvemento da programación e como este afecta ao progreso do alumnado. Ao longo de cada cuadrimestre revisarase se se cumpren os obxectivos previstos, e os contidos se imparten; no segundo cuadrimestre tamén se revisará e comentará se o alumnado coa materia pendente realiza tarefas recomendadas e resolve dúbidas. Durante estas reunións decidiranse cambios oportunos para a mellora e desenvolvemento da propia materia se fose necesario.

## CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

O principal obxectivo de todas as actividades de lectura da nosa área sempre foi desenvolver a competencia comunicativa do alumnado, ampliando o vocabulario, a capacidade de análise e comprensión dos elementos morfosintácticos da lingua, a corrección ortográfica, os mecanismos de cohesión textual, e os coñecementos acerca dos aspectos socioculturais.

O estudo das linguas galega e castelá, pola súa propia natureza e obxectivos, precisa de materiais e actividades que coinciden con moitos dos que se proponen no proxecto lector. Así empréganse libros de lectura adaptados para Módulo.

En canto ó resto de materiais curriculares, inténtase ofrecer ao alumnado unha amplia variedade de lecturas en distintos soportes (prensa escrita, CD Roms e páxinas web), ampliando así a oferta de lecturas recollidas no propio manual de traballo e adaptadas en maior ou menor medida ao nivel de competencia lingüística do alumnado.

O traballo neste curso 2020-21 seguirá nesa dirección. A nosa contribución ó Proxecto Lector consistirá de xeito primordial en:
Explorar novas fontes de textos escritos, con rexistros, temáticas e formatos non habituais e diferentes ai que o alumnado está habituado a atopar. Así, pretendemos usar o soporte informático, principalmente desde a aula equipada con ordenadores, co fin de dar a coñecer ao alumnado outras realidades. Dun xeito especial usaremos distintos tipos de hipertexto:
Paxinas web divulgativas e con documentos audiovisuais para o traballo de cancións ou vídeos
Asimesmo realizaranse actividades de lectura baseadas en textos dispoñibles na biblioteca do centro ou ben na web.
Animarase tamén ó alumnado a compartir lecturas, realizando comentarios sobre libros no blog do Club de Lectura ou na páxina web do IES.
En colaboración co Equipo da Biblioteca, o Departamento publicará guías de lectura dando a coñecer as últimas novidades recibidas nas dúas linguas incluíndo reseñas sobre o contido das mesmas.

**INTEGRACIÓN DAS TIC**

As TIC (Tecnoloxías da Información e Comunicación) véñense empregando regularmente, dende a incorporación do centro ó Proxecto Abalar, como instrumentos de traballo na aula tanto por parte do profesorado, como por parte do alumnado, fundamentalmente en canto á presentación de materiais e libro dixital (profesorado) e busca de información (alumnado) cos obxectivos de:
Favorecer a aprendizaxe das linguas.
Adquirir habilidades tecnolóxicas e comunicativas. Facilitar o acceso á información en soporte dixital. Investigar e contrastar información.
Facer un uso axeitado de Internet e das redes sociais. Uso de redes sociais, correo electrónico, mensaxes, etc. Crear documentos en formato dixital.
Descargar e compartir recursos.

Para iso concretamos o uso das novas tecnoloxías nos seguintes puntos: INTERNET COMO FONTE XERAL DE INFORMACIÓN
Internet proporciona acceso a moita información de todo tipo: lúdica, noticias, formativa, profesional...Pero a maiores supón unha fonte inesgotable de recursos educativos con unidades didácticas, exercicios interactivos, información profesional, etc.

Non podemos esquecer tampouco a posibilidade que ofrece de acceder a canles de comunicación e intercambio en lingua inglesa (chats, foros, e-mail…).
É ademais unha ferramenta de traballo que permite obter un alto grao de interdisciplinariedade.

**O CORREO ELECTRÓNICO**
O correo electrónico é xa unha gran ferramenta telemática para a comunicación interpersoal. Como ferramenta educativa na aula de Inglés, permite a comunicación entre docentes ou alumnos/as en lugares distantes.

**O PROCESADOR DE TEXTO COMO FERRAMENTA DE APRENDIZAXE**
Cómpren varias funcións de cara á aprendizaxe do idioma:
Como ferramenta de traballo mellora a presentación do escrito
Permite a reelaboración a través da corrección-mellora do realizado. Esta reelaboración pode darse de forma individual, pero será máis rica se se fai entre varios/as alumnos/as (simultánea o consecutivamente) e en interacción co profesorado.
ELABORACIÓN DE PRESENTACIÓNS MULTIMEDIA (formato Prezi, ppt,..)
As presentacións multimedia poden ser elaboradas polo profesorado destinadas a ser utilizadas polo alumnado. Non obstante, interésanos que sexa este o que poida facer uso das novas tecnoloxías para presentacións. Tratarase de animar ao alumnado ao emprego de novos soportes á hora de presentar un traballo de investigación.
USO DA AULA VIRTUAL DO CENTRO e de ARQUIVOS COMPARTIDOS NA NUBE.
Para a presentación de materiais, envío de tarefas,…

**CURRÍCULUM INTEGRADO DE LINGUAS. PROXECTO SOCIO- LINGÜÍSTICO**

APORTACIÓN DO ÁMBITO DE COMUNICACIÓN AO PROCESO SOCIOLINGÜÍSTICO

ACORDOS SOBRE CRITERIOS METODOLÓXICOS BÁSICOS DE ACTUACIÓN EN TODAS AS LINGUAS
A produción e a comprensión oral e escrita de textos de diferente tipoloxía e ámbito é un obxectivo compartido en todas as materias lingüísticas. Por iso se seguirán en todas elas os seguintes criterios metodolóxicos:

Enfoque comparado
O estudio da gramática e da ortografía realizarase seguindo un método comparativo; é dicir, faranse notar, analizaranse e explicaranse as semellanzas e diferenzas existentes entre as diferentes linguas estudadas polo alumnado. Tamén se seguirá un método comparado no estudio da literatura, establecendo os vínculos, analoxías e diverxencias entre as diferentes épocas, correntes literarias, autores, xéneros ou fenómenos culturais das literaturas galega, castelá e europea.

Enfoque integrado e comunicativo na produción e comprensión textual.
En todos os cursos e en todas as linguas, aínda que con diferente grao de profundidade, trataranse textos pertencentes a todas as tipoloxías textuais (narrativos, descritivos, argumentativos, dialogados e expositivos) e ámbitos de uso.

Procurarase que produzan diferentes tipos de textos pertencentes á mesma tipoloxía, para que así teñan que manexar unha maior variedade textual.
Os alumnos traballarán os diferentes tipos de textos mediante a realización de tarefas e/ou proxectos cunha finalidade comunicativa.

ACORDOS SOBRE A TERMINOLOXÍA
-PLANO FÓNICO/FONOLÓXICO
Realizarase unha clasificación articulatoria dos sons da lingua e representaranse seguindo o Alfabeto Fonético Internacional.

PLANO MORFOLÓXICO
Para os constituíntes da palabra utilizaranse as seguintes denominacións:
Raíz ou lexema
Morfemas libres ou independentes (forman palabra por si sos, non necesitan un lexema).
Morfemas ligados ou trabados (necesitan o apoio dun lexema)
Morfemas derivativos ou afixos (prefixos e sufixos) Morfemas flexivos ou desinencias.

Empregaranse todos os termos indicados para que o alumno se familiarice con todos eles.

Nas linguas estranxeiras utilizaranse os termos propios de cada lingua e establecerase a correspondencia coa terminoloxía empregada na lingua propia (galego/castelán).
En francés: présent, imparfait, passé simple, futur, passé composé, plus-que-parfait, passé antérieur, futur antérieur e conditionnel.
En inglés: present, present continuous, present perfect, past continuous, past perfect, future simple, future perfect, future continuous…

-PLANO SINTÁCTICO
Para nomear as diferentes funcións sintácticas empregaranse os termos: suxeito, predicado, complemento directo, complemento indirecto, complemento circunstancial, atributo, predicativo e complemento de réxime. A representación gráfica da análise sintáctica realizarase mediante caixas.
As oracións coordinadas clasificaranse en copulativas, adversativas, disxuntivas, distributivas e explicativas. As subordinadas clasificaranse en adxectivas, substantivas, adverbiais e adverbiais impropias (condicionais, causais, consecutivas, concesivas, comparativas e finais.

-PLANO TEXTUAL
Recoñeceranse cinco tipoloxías textuais básicas: narración, descrición, argumentación, exposición e diálogo.

TRATAMENTO QUE SE LLES DARÁ A CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE SIMILARES EN CADA MATERIA LINGÜÍSTICA

<table>
<tr><th>ELEMENTOS COMÚNS</th><th>TRATAMENTO NAS DISTINTAS ÁREAS</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Bloque 1. Comunicación oral:escoitar e falar.<br><br>-Presentacións orais<br>-Debates<br>- Comprensión oral</td><td>Criterios tomados en consenso para a corrección e valoracióndas exposicións e presentación orais, debates e comprensión oral.</td></tr>
<tr><td>PRESENTACIÓNS ORAIS<br>Valoraranse os seguintes aspectos:Estrutura:<br>Introdución. Débese presentar o tema de formaclara, breve e motivadora.<br>Corpo. Exposición das ideas. Débese mostrar solvencia e confianza ao expresar os coñecementos,presentando a información precisa e pertinente parao desenvolvemento do tema.<br>Conclusión. Contén as ideas principais daexposición.<br>Debate/Coloquio. Aclaración de dúbidas,respostas a preguntas …<br>Utilización de material auxiliar (encerado, Prezzi,Powerpoint …).<br>Adecuada distribución do tempo.<br>Pronunciación clara e cun ton de voz, velocidade eentoación apropiados.<br>Captación da atención dos receptores.<br>7. Coherencia, cohesión e adecuación.<br>9. Corrección lingüística.<br>10 Vocabulario rico, variado e adecuado.<br>11 Ausencia de retrousos e repeticións innecesarias.<br>DEBATES<br>Recoñecemento e uso das regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates.<br>Respecta as quendas de palabra sen interromper aos demais,e escoita o que din para poder argumentar a favor ou en contra.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | Evita impoñer as súas ideas elevando o ton de voz oumenospreceino a opinión do resto.<br>Deixa participar e intervir aos demais.Segue as instrucións do moderador.<br>12.2. Coñecemento profundo do tema. Demostra solvencia e confianza ao expresar os seus coñecementos, presentando a información máis precisa e pertinente para o desenvolvemento do tema.<br>Utilización de argumentos variados, pertinentes, válidos e conforza argumentativa:<br>-Argumentos de apoio á tese propia.<br>-Concesións á tese contraria que se admitenprovisionalmente.<br>-Refutacións ou argumentos cos que se rebate total ouparcialmente a tese contraria.<br>-Contraargumentos que invalidan os argumentoscontrarios ou as concesións que se admitironpreviamente.<br>Ausencia de falacias.<br>Uso correcto de conxuncións para ordenar e conectar argumentos, refutar, expresar acordo, desacordo, contraste econcluír.<br>Corrección lingüística.<br><br>Usa un vocabulario rico, preciso e claro.<br><br>1.3. ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN ORAL:Recoñecemento da idea principal.<br>Identificación da finalidade comunicativa do texto.Extracción das ideas .<br>Distinción das intencións implícitas. |
| Bloque 2 Comunicación escrita: leer e escribir.<br>Textos das diferentes tipoloxías: narrativos, expositivos, | Criterios consensuados e comúns na corrección e valoración detextos escritos de diferente tipoloxía e ámbito<br>Desde todas las materias fomentarase o traballo de investigación conforme a diversas modalidades que dependerán do nivel académico do alumnado: busca puntual /ou ocasional sobre contidos traballados nas unidades didácticas (dicionario, enciclopedia, manual, internet, etc.), pequeno traballo de indagación (orientado a partir de preguntas- |

| | |
|---|---|
| descritivose argumentativos.<br>Textos de diferentesámbitos de uso:<br>a) textos académicos: traballos, resumes,esquemas…<br>b) textos da vida diaria e das relación sociais: cartas (familiares e comerciales), avisos, notas, instruccións, normas, instancias, currículum vítae, reclamacións, actas, circulares, informes…<br>c) textos dos medios de comunicación: noticias, entrevistas, editoriais, artículos deopinión, cartas ao director… | guía), traballo dirixido de busca de fontes a partir dunha bibliografía determinada ou direccións de Internet ou o gran traballode investigación autónomo de busca de fontes sen orientación bibliográfica.<br><br>TRABALLO DE INVESTIGACIÓN ESCRITOESTRUCTURA<br>Debe conter obrigatoriamente as seguintes partes:<br>PORTADA. Nela debe aparecer : -Título, nome e apelidos do autor/a, curso, nome da materia, nomedo profesor/a, data de entrega.<br>ÍNDICE. Debe aparecer despois da portada , non se numera, hai que poñer os capítulos e seccións dotraballo de maneira ordenada.<br>INTRODUCIÓN. Nela debe constar a explicación dotema elixido, os temas ou ideas que se van a traballar, a estrutura que se vai seguir na que se explique como se organizou o traballo. Debe ser breve, como máximo dúas páxinas.<br>CORPO. Neste apartado é necesario coidar o vocabulario que se emprega e a redacción nodesenvolvemento do tema.<br>CONCLUSIÓN. Debe gardar relación directa coa introdución e debe incluír un resume das ideas principais e a opinión persoal respecto do aprendido.<br>BIBLIOGRAFÍA. Todo traballo de investigación debe indicar as fontes de información consultadas durante a realización do traballo. Non se numeran edeben estar ordenadas alfabeticamente.<br>ANEXOS ( Optativo). Se no traballo aparecen varios anexos, inclúense nun índice de anexosdespois da bibliografía.<br>PRESENTACIÓN. Normas básicas:<br>Aspecto externo (portada, follas iguais e numeradas,encadernado …)<br>Diferenciación adecuada dos apartados ( portada, índice …)<br>Extensión adecuada ás esixencias do traballo. Traballos manuscritos: caligrafía, pulcritude e limpeza,<br>tinta azul ou negra, maiúsculas e subliñados para resaltar títulos, marxes, separación entre parágrafos … - |

| | |
|---|---|
| | Traballos a ordenador: tipo de letra Arial 12, espazointerlineal 1,5 cm.<br>Respectar as marxes dereita, esquerda, superior einferior.<br>Sangría ao comezo de cada parágrafo.<br>CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA e ORTOGRÁFICAPUNTUACIÓN<br>VOCABULARIO. Uso de vocabulario rico, variado eadecuado<br>COHERENCIA, COHESIÓN E ADECUACIÓN PROFUNDIDADE, RIGOR E EXHAUSTIVIDADE NOTRATAMENTO DO TEMA.<br>2.1.8 Respecto polos PRAZOS DE ENTREGA<br>Nos demais producións escritas valorarase:<br>Presentación: marxes, limpeza, letra, espazointerlineal, sangrías …<br>Ortografía, puntuación e corrección gramatical.Adecuación, coherencia e cohesión.<br>Contido, convencións, elementos e estruturaspropios de cada tipo de texto.<br>COMPRENSIÓN ESCRITA<br>O contido das preguntas versará sobre os seguintes parámetros:extracción de información<br>exercicios de comprensión<br>reflexión sobre a forma do texto e valoracióndesenvolvemento dunha<br>interpretación reflexión sobre o contido e valoración<br>cuestións sobre a estrutura do texto e a forma deorganizarse.<br>Recoñecemento da tipoloxía textual e das súascaracterísticas es estruturas |
| Bloque 3. Coñecemento dalingua | 3. Enfoque comparado<br>Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentesformas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que o alumnado coñece.<br>O estudio da gramática e da ortografía realizarase seguindoun método comparativo; é dicir, faranse notar e explicaranse as semellanzas e diferenzas existentes entre as diferentes linguasestudadas polo alumno, incidindoespecialmente nas posibles interferencias ou falsos amigos. A fin de evitar a repeticións, os contidos de sociolingüística e historia da lingua serán impartidos pola materia de LinguaGalega, e Literatura, e os de sintaxe por Lingua castelá e Literatura. |

| | |
|---|---|
| Bloque 4. Educación literaria | Seguirase un método comparado no estudio da literatura, establecendo os vínculos, analoxías e diverxencias entre as diferentes épocas, correntes literarias, autores, xéneros ou fenómenos culturais das literaturas galega, castelá e europea. |

## 18. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

A comezos de curso explicaráselle ao alumnado a Programación Didáctica do curso 2020-21, facendo fincapé nos criterios de avaliación, no grao mínimo de consecución dos estándares e tamén se lles comunicará como se levará a cabo o reforzo de materias pendentes.

En Outes, a 15 de novembro de 2023



Asdo: María Pereira Uzal
En substitución de Manuela Campos Agrafojo